

NOTA DE PRENSA

Saúde Mental FEAFES Galicia chega a saúde mental a máis de 900 alumnos e alumnas de secundaria e universitarias

Durante o curso escolar 2021-2022, preto dunha vintena de centros escolares e facultades universitarias acolleron charlas sobre diversos temas relacionados coa saúde mental coa fin de visibilizar, sensibilizar e favorecer a prevención de problemas desa índole.

Santiago, 30 de xuño de 2022.- Saúde Mental FEAFES Galicia trata de sensibilizar, visibilizar e previr os problemas de saúde mental na sociedade. Por iso, durante o curso escolar 2021-2022 achegouse a máis de 15 centros educativos galegos, entre institutos de secundaria e facultades universitarias, para falar coa mocidade de diversos temas relacionados coa saúde mental.

Arredor de 500 alumnos e alumnas universitarias e 430 de secundaria recibiron as visitas de profesionais da saúde mental de distintos perfís (psicólogos/as, traballadores/as sociais, educadores/as sociais), que abordaron temas como a saúde mental en tempos de pandemia, a xestión e o manexo do estrés, mecanismos da ansiedade, sensibilización e intervención en suicidio ou prevención dos problemas de saúde mental. Nalgúns dos centros participaron tamén persoas usuarias da entidade ou familiares que achegaron a súa experiencia en primeira persoa.

O obxectivo destas charlas é **sensibilizar e previr problemas de saúde mental no contexto educativo**, ensinando ao alumnado a coidar a saúde mental, detectar sinais de alarma ou que facer en caso de que exista un problema desta índole. Ademais, os e as profesionais de Saúde Mental FEAFES Galicia tamén dan a coñecer os servizos e recursos dos que dispón a federación para atender a persoas que se atopan nesta situación.

Durante o curso escolar 2021-2022, impartíronse 10 sesións de sensibilización en institutos de A Coruña, Santiago, A Estrada, Lugo, A Pobra de Trives e Vigo. Pola súa banda, foron 11 os encontros realizados en facultades da Universidade de Santiago, da UVigo no campus de Ourense e da Universidade da Coruña, neste último caso a través do programa *UDC Saudable*.

Esta iniciativa xorde da necesidade de **educar en saúde mental desde a infancia e a xuventude**, máis nun contexto como o que estamos a vivir no que os problemas de saúde mental son cada vez máis frecuentes nestes tramos de idade. Facer chegar esta información directamente ao alumnado dos centros e a quen participa da súa vida diaria, como o persoal docente e orientador, axuda a que coñezan esta realidade e teñan as ferramentas necesarias para traballar na prevención dos problemas de saúde mental.

ASOCIACIÓNS FEAFES:

A CORUÑA

A CREBA

APEM

FONTE DA

VIRXE

PORTA NOVA

ANDAINA

PONTEVEDRA

ALBA

AVELAÍÑA

DOA

LENDA

LUGO

ALUME

A MARIÑA

A saúde mental na xuventude

Segundo datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), un de cada sete mozos e mozas ten algún problema relacionado coa saúde mental. A depresión, a ansiedade e os trastornos do comportamento atópanse entre as principais causas de enfermidade e discapacidade entre a poboación adolescente. A isto, hai que engadir que o suicidio é a cuarta causa de morte entre os mozos e mozas de 15 a 19 anos.

Non ocuparse dos trastornos de saúde mental da mocidade ten consecuencias que se estenden á idade adulta, prexudican a saúde física e mental da persoa e restrinxen as súas posibilidades de levar unha vida plena no futuro. Por iso, informar e sensibilizar a estes grupos de idade é fundamental para previr ou abordar de xeito temperá os problemas de saúde mental que se podan dar na xuventude e reducir así o seu impacto na vida futura.

Saúde Mental FEAFES Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 1995 coa misión de representar e defender os dereitos e necesidades das persoas con problemas de saúde mental. De carácter social, esta entidade ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida destas persoas e das súas familias. Actualmente agrupa a 12 asociacións repartidas por toda a comunidade galega con centros e servizos en preto de 30 localidades.

ASOCIACIÓNS FEAFES:

A CORUÑA

A CREBA
APEM
FONTE DA
VIRXE
PORTA NOVA
ANDAINA

PONTEVEDRA

ALBA
AVELAÍÑA
DOA
LENDIA

LUGO

ALUME
A MARIÑA

Para máis información, entrevistas ou material, contactar con:

Ana Escrigas Rodríguez

Responsable de Comunicación

Praza Salvador García Bodaño nº7 1ªA, 15707 Santiago de Compostela
comunicacion@feafesgalicia.org | www.feafesgalicia.org
981 942 380 ext. 2103 | 638 273 186